




Unidade

8

Nesta unidade

Lectura e comprensión

Coxilicas e Sol

Léxico

A cidade. Os neoloxismos

Expresión oral

O campo ou a cidade? Vantaxes e inconvenientes

Expresión escrita

A lenda

Gramática

O predicado nominal. O atributo

Ortografía

Uso do punto e coma. Uso dos puntos suspensivos

Recursos

Páxinas de Internet en galego

Antes de ler

Coxilicas, un neno, e Sol, o seu can, van de excursión ao campo e para chegar alá teñen que coller un autobús. Pero hai un problema: o condutor non quere que suban animais.

- ¿Por cres que o condutor actúa así?
- ¿Que opinas ti sobre ese tema?

Coxilicas e Sol


O Coxilicas, Coxi para os amigos, vivía nun edificio de catorce pisos dunha cidade á beira do mar. Vivía no último, unha porta que se distinguía porque na súa parte superior, sobre a parede, tiña pegada a letra A. Así, para chegar á súa casa debía entrar nun ascensor que pechaba as portas automaticamente, e esperar un bo anaco ata que as portas abrían, como por arte de maxia.

No piso había unha cociña, un salón con aparato de televisión e sofá e mobles deses que hai nos salóns deste tipo de casas; e por un corredor un chisco escuro, abríanse a cada lado tres cuartos e ¡dous! baños. Para o pai de Coxi era moi importante que houbese dous baños na casa porque, ás mañás, antes de ir ao traballo, precisaba un enteiriño para el só. A Coxi, pola súa banda, sempre lle gustou sentar no rétrete cunha revista ou cun conto nas mans e quedar adurmiñado alí ata que a nai ou o pai lle petaban na porta con ameazas máis ou menos claras.

«Coxi ¡xa está ben!, Coxi que vas chegar tarde á escola, Coxi que como non saías decontado non almorzas hoxe, ¡Ai hoxe! Coxi, ¿que fas?».

Aquela mañá, pois, Coxi colleu unha bolsa desas que teñen asas longas para poñer no ombro, meteu a Sol no ascensor e saíu polo portal de vidro escuro do edificio de catorce pisos. A mañá tiña un sol que aínda non quentaba e que brillaba a medias, nin moito nin pouco, coma se andase a espreguizarse, pero moi devagar. Apenas había ruído e non pasaba coche ningún. Non obstante, Coxi parou no foxo, ollou para a dereita e para a esquerda, estirando o brazo e abrindo a man, coma se xa lla fose dar a un irmanciño antes de cruzar. Sol permanecía embaixo desa man aberta **fitando** todo teso a outra beira da rúa.

En canto atravesaron puxéronse a andar cara á parada do autobús. Aquí, Coxi parou outra vez e Sol, trotando un pouquechiño coas dúas patas dianteiras e encollendo, moi devagar, as traseiras, sentou no frío chan da beira da rúa.



Ao pouco tempo viron chegar un autobús que, ademais, lles parou diante. Sol ergueuse sobre as súas catro patas e Coxi comezaba xa a subir, cando oíron unha voz áspera:

—¡Animais non!

Era o condutor que, cun ollo posto na rúa e outro sobre os dous pasaxeiros que pretendían subir á súa gran máquina, dicía as cousas moi serio e dunha soa vez.

—¿Que animais? —preguntou Coxi, poñéndose á altura do condutor do autobús, aínda que este, sentado e todo, seguía sendo máis alto ca el.

—¡Ese animal! —**retrucou**lle o home apuntando a Sol co seu dedo **furabolos**, mentres botaba ámbolos dous ollos abertísimos por riba do can.

—¿Este? —preguntou Coxi, coma se nunca vira cousa tal na vida—. ¡Ah, vaia, pero se isto non é un animal! —continuou collendo unhas moedas do peto do seu pantalón.

—¡Non, ho! ¿E logo que é? —dixo o condutor, pero unha miga máis amodo.

—Sol, é Sol, o meu can. E non lle vai amolar no autobús, perda coidado.

—¡Ai, mi madriña! Vasme acabar coa paciencia, rapaz.


—Déixeo estar, ho —dixo unha señora desde os primeiros asentos. Era unha muller máis ben gorda, gordísima, cuns cadrís que lle saían por fóra do asento no que estaba e uns brazos cilíndricos, coma morcillas xigantescas, e curtos. A carón dela repousaba unha bolsa plástica **ateigada** de caixas e outros obxectos picudos e misteriosos que, de cando en vez, axeitaba remexéndoos coa súa man carnuda e pequena.

Alberto Avendaño,
Aventuras de Sol, Ed. Galaxia (adaptación)

retrucar: responder a alguén.

furabolos: índice.

ateigada: completamente chea.



Comprensión

1 ¿Quen son os protagonistas da lectura? ¿Que outros personaxes aparecen?

2 Completa estas afirmacións no teu caderno.

- O edificio onde vivían Coxi e Sol tiña e estaba nunha cidade
- A porta distinguíase por
- No piso había
- Para o pai de Coxi era moi importante que a casa tivese dous baños porque
- A Coxi gustáballe e no baño.

3 Di se estas afirmacións son verdadeiras (V) ou falsas (F). As falsas convérteas en verdadeiras.

- Cando saíron Coxi e Sol, chovía.
- Os dous miraron se pasaba algún coche antes de cruzar a rúa.
- Cando ían subir ao autobús, o condutor prohibiulles subir.
- Para Coxi, Sol non era un animal; era o seu can.
- Sol vaise portar ben no autobús.
- Unha señora, que ía no autobús, estivo de acordo co condutor en que ao autobús non podían subir animais.

4 O texto da lectura pode dividirse en tres partes. Completa o cadro sobre esas tres partes no caderno.

PARTES	ABRANGUE DESDE ... ATA ...	CONTIDO
Primeira		
Segunda		
Terceira		

5 Redacta un resumo da lectura.

Reflexiona

6 Coxi e Sol miran se ven algún coche antes de cruzar a rúa. ¿Cres que ese é un comportamento correcto? ¿Que lles podería pasar se non fixesen iso?

- Cita outros comportamentos que debes adoptar na rúa para que non che pase nada malo.
- Contrástaos co resto da clase e elaborade entre todos unhas regras para irdes pola rúa.



A cidade

7 Localiza e copia todas as palabras relacionadas coa cidade que aparecen na lectura.

8 Ordena estas sílabas e obtén nomes de elementos da cidade.

FA CHA RIZ

MÁ FO RO SE

RRÚA RA BEI

QUE PAR

TE FON

COS BAN

DA TRA ES

SO PA ÓNS PE DE

FI CIOS DI E

ROL FA

BO ÁR RES

TO BÚS AU

MÓ BI AU TO LES

XIS TA

RA PA TE ES CA

9 Debuxa unha rúa da cidade onde aparezan os elementos anteriores.

— Escribe o nome ao lado de cada elemento.

10 Completa estas oracións cos nomes anteriores que cadren ben.

- No medio do hai unha cuns anos debuxados e un no centro.
- No desa tenda había dous manequíns moi ben vestidos.
- Estivemos diante do agardando a que o se puxese en verde.
- Ese estaba colgado no que estaba aceso.
- Na non había ningún peón e pola pasaban dous coches.
- Vivo no máis alto da cidade.

11 Pero na cidade hai máis cousas, ¿non si? Escribe nomes de...

TENDAS

Zapatarías

.....
.....

EDIFICIOS PÚBLICOS

Casa do concello

.....
.....

Os neoloxismos

Na unidade anterior vimos que para nomear conceptos ou elementos novos podemos botar man de palabras doutras linguas, é dicir, de préstamos léxicos.

Outra forma de nomear conceptos ou elementos novos é inventar palabras. Estas palabras chámanse **neoloxismos**.

— Relaciona no teu caderno e crea neoloxismos.

tele	heroe
super	metro
crono	grafo
boli	visión



— Completa este texto cos neoloxismos anteriores.

Na vin un que tiña un no



Un **neoloxismo** é unha palabra creada para nomear conceptos ou elementos novos.

1 Clasifica estes neoloxismos nun cadro coma este.

cardiograma - videoconsola - fotocopiadora
ecografía - endoscopia - telescopio
cápsula - astronauta - estetoscopio
teledirixido - alfanumérico

INFORMÁTICA	MEDICINA	ASTRONOMÍA
.....		

2 Define coas túas palabras cada neoloxismo.

neveira - microondas - ordenador - videoxogo

3 Escribe o neoloxismo axeitado a cada definición.

- Tenda grande dividida en seccións e onde se vende de todo:
- Transporte público por estrada que leva numerosos pasaxeiros:
- Deporte de equipo no que cinco xogadores se enfrontan a outros cinco e gaña o equipo que meta máis canastras:
- Aparello, fixo ou móbil, que nos permite falar con persoas que están lonxe de nós:
- Escola onde podemos aprender a conducir automóviles:
- Aparello co que podemos observar elementos de tamaño minúsculo:



¿O campo ou a cidade? Vantaxes e inconvenientes

¿Que preferimos: vivir no campo ou na cidade? Pois os dous lugares teñen as súas vantaxes e os seus inconvenientes. Agora imos ver que pensades vós diso.

12 Forma parella cun compañeiro ou compañeira.

- Dialogade en voz baixa e dicide vantaxes e inconvenientes de vivir no campo.
- Anotade polo menos catro vantaxes e catro inconvenientes. Facédeo en cadros coma estes.

Vantaxes de vivir no campo

1. Respírase un aire máis limpo.
2.
3.
4.

Inconvenientes de vivir no campo

1. Non podo mercar algo que precise no momento, porque non adoita haber tantas tendas coma na cidade.
2.
3.
4.

- Repetide as mesmas pautas coa cidade.

Vantaxes de vivir na cidade

1. Podo mercar o que precise xa no momento, pois hai toda clase de tendas.
2.
3.
4.

Inconvenientes de vivir na cidade

1. Hai moito ruído.
2.
3.
4.

- Comentade en cal dos dous lugares preferiríades vivir e por que.

13 Expoñédelle ao resto da clase todo o anotado e comentado.

- Elixide primeiro cal dos dous vai ser o voceiro.
- O voceiro expoñerá todo de forma clara e pausada, para que o resto da clase o entenda correctamente.

- Vantaxes e inconvenientes do campo.
- Vantaxes e inconvenientes da cidade.
- En cal dos dous lugares preferiríades vivir e por que.

- Establecedo entre todos onde prefire vivir a maioría e por que.

A lenda

Seguramente liches ou che contaron algunha lenda, ¿verdade? As **lendas** tratan de explicar feitos históricos, a orixe ou a desaparición de lugares, a aparición de personaxes ou animais con poderes especiais... Moitas veces combinan elementos reais e elementos fantásticos.


— Le con atención esta lenda relacionada co Castro de Elviña, na Coruña.

O encanto do Castro de Elviña

Todos os veciños da bisbarra saben do encanto das croas no Castro de Elviña, porque alí aparecían uns mouros que lles daban moitas onzas aos veciños que lles levaban gando, leite ou manteiga; e, de haber mouros, tamén tiña que haber encanto e tesouro, disque. Así foi como un día, hai moitos anos, un rapaz de Someso fíxose co libro de San Cibrao e faloulle a un seu amigo se quería ir con el levantar o tesouro.

Postos de acordo, os dous homes, que tamén eran veciños, fóronse antes do raiar do sol camiño das croas e, de ter chegado, o do libro fixo canto é costume mais, ao ler, trabucouse e leu ao dereito, como é mandado para os cristiáns, e non ao revés, como tiña que facer. Daquela levantouse da terra unha cousa que nunca souberon o que foi, se unha ramalada de vento ou unha forza estraña e misteriosa mais, o que si souberon, pois contábano, é que o que fose botounos polo aire, cal foguetes, e foron caer a máis de seiscentos metros do castro, no medio dun prado e preto das casas onde vivían.

Gañaron moito medo e correron moi gran perigo, dise, e nunca souberon dicir que cousa fora os que o botara polo aire, nin como acontecera. En moito tempo, ao pechar os ollos volvía a eles aquela sensación de caer no buxán, amais de que botaron moitos días entre a vida e a morte, de tan forte pancada como levaron ao bater no chan.



— Localiza e sinala as partes desta lenda.

INTRODUCCIÓN	NÓ	DESENLACE
.....		

- ¿Que personaxes aparecen?
- ¿Que nos conta?
- ¿Que elementos desta lenda son reais? ¿Cales son ficticios ou imaxinarios?



A **lenda** é unha narración popular que intenta explicar un feito histórico ou que a xente non entendía. Adoita mesturar elementos reais e fantásticos, e transmitiuse oralmente de pais a fillos.

1 Inclúe estas oracións na lenda que explica a orixe do santuario da Nosa Señora do Corpiño en Lalín.

- | | |
|--|---|
| a. desencadeouse unha gran tormenta, con tronos e lóstregos, e ocorréuselles refuxiarse no interior daquelas ruínas. | d. mentres a noticia do milagre se estendía por toda comarca |
| b. que a el acudían en busca de consolo e alivio para os seus males. | e. ata que as aparicións se repetiron en días sucesivos e toda a aldea puido comprobar que aquela claridade |
| c. cando xa foran expulsados os invasores, repoboábanse lentamente as terras abandonadas, | f. decidiron agochar aquel corpo santo para evitar a súa profanación, |

Hai moito, moito tempo, vivía nun lugar do Monte do Carrio un piadoso ermitán que empregaba o seu tempo na oración, a penitencia e o fomento da devoción á Nai de Deus entre a xente do contorno, (.....).

O certo é que un día lle chegou a hora da morte ao noso ermitán, e os paisanos decidiron conservar o seu corpo —que se mantiña incorrupto— naquel mesmo lugar, que se ía convertendo pouco e pouco nun centro de peregrinación, coñecido dentro e fóra da comarca. Pero nisto chegou a mouraría e os cristiáns, antes de abandonar as súas terras e as súas casas, (.....) e fixérono nunha especie de cova ou construción en ruínas que había no lugar que hoxe ocupa o santuario.

Moitos anos máis tarde, (.....) non se sabe se con nova xente ou polos seus antigos propietarios, pero o certo é que ninguén se lembraba xa do santo corpiño, que tiña a capela derrubada e cuberta pola maleza. En descubri-lo estará o milagre.

Un bo día, cando dous pequenos pastores estaban vixiando o gando no monte que ocupa hoxe o santuario, (.....) Nun momento víronse envoltos nunha misteriosa claridade, e puideron distinguir no medio daquela luz cegadora a figura da Virxe, co Neno Xesús no brazo esquerdo e un ramallete de flores na man dereita.

Os pequenos quedaron abraiados e contáronlles o sucedido aos pais, que acudiron na súa busca ao ver a tardanza en regresar á casa. Pero ninguén creu o seu relato, (.....), no medio da que aparecía a Virxe, desprendíase dunha vella sepultura que asomaba entre a maleza, onde acabaron por descubrir o corpiño incorrupto do santo ermitán.

Só faltaba construír naquel lugar unha ermida e poñela baixo a advocación de Nosa Señora do Corpiño, e isto foi o que fixeron axiña os veciños de Losón, (.....).

2 Elixe unha destas opcións e inventa unha lenda que lle dea explicación.

a. A orixe do mar

a. A montaña de Cabeza de Manzaneda


→ Lembra estes consellos:

- Intenta combinar elementos reais (personaxes, feitos) con outros fantásticos (lobishomes, trasnos, meigas...).
- Lembra que a lenda debe ter introdución, nó e desenlace.
- Podes comezar cunha fórmula como:
«Conta unha lenda...»

licado nominal. O atributo


Diciamos na unidade anterior que o **predicado nominal** tiña como verbo *ser, estar, parecer* ou *semellar*, ¿non si? Pois agora imos estudar o predicado nominal máis polo miúdo.

O campo é un lugar precioso.



Predicado nominal

O predicado nominal está formado por un verbo (*ser, estar, parecer* ou *semellar*) mais un complemento. Neste predicado, o verbo chámase **copulativo** e o complemento, **atributo**.



O atributo pode ser:

- Un **substantivo**:


Xoel é cociñeiro.

Atributo: o substantivo *cociñeiro*.

- Un **pronome persoal**:

A perdedora fun eu.

Atributo: o pronome persoal *eu*.

• Un **adxectivo**:

María é **divertida**.

Atributo: o adxectivo *divertida*.

• Un **complemento con preposición**:

O reloxo é **de Raquel**.

Atributo: o complemento con preposición *de Raquel*.

EXERCICIOS

1 Copia estas oracións no caderno e subliña de azul o verbo copulativo e de vermello o atributo.

- A biblioteca é grande.
- O gatiño estaba cansado.
- A miña nai é peiteadora.
- A bicicleta é do rapaz.
- O avó é de Vigo.
- A afortunada es ti.
- Henrique é tenista.
- Con ese disface, ti pareces médico.

— Indica que clase de palabras é o atributo.

2 Inventa dous predicados nominais para cada un destes suxeitos.

A exposición de cómics + predicado nominal

Nós + predicado nominal

O coello branco + predicado nominal

3 Describe esta persoa empregando oracións con predicado nominal.



Por exemplo: O pelo é gris.

Uso do punto e coma

— Asocia estas normas de uso do punto e coma co exemplo correspondente. Faino no teu caderno.

Usamos punto e coma...

1. ...para separar enunciados longos, sobre todo, cando xa se usou a coma.
2. ...antes das expresións *non obstante*, *así e todo*, *con todo*...

Exemplos

- a. Traballei moito; así e todo, non dei acabado.
- b. Eu quero ensalada, tortilla e flan; el prefere sopa, patacas con carne e un iogur.

Uso dos puntos suspensivos

— Clasifica estes exemplos segundo a regra de uso dos puntos suspensivos correspondente.

- Abrín a porta e... alí estaba o ladrón dos chourizos, ¡o meu gato!
- No parque había moita xente: bebés, nais, nenos pequenos, anciáns...

USAMOS OS PUNTOS SUSPENSIVOS PARA INDICAR...	EXEMPLOS
1. ...que se deixan de nomear elementos parecidos nunha enumeración.	1.
2. ...sorpresa, misterio ou suspense.	2.

1 Copia estas oracións e pon o punto e coma onde cumpra.

- Chegamos moi tarde con todo, meus pais non se anoxaron connosco.
- Na cociña estaban Helena, Xurxo e Xoán no salón andaban a xogar Rosa e Roi.
- O reloxo é ben caro non obstante, vouno mercar porque me gusta moito.
- Hoxe lavarei a roupa, tendereina e pasareille o ferro á que xa está seca mañá varrerei e fregarei o chan.

2 Inventa dúas oracións que sigan cada unha das normas de uso do punto e coma que acabamos de ver.

3 Pon os puntos suspensivos que cumpran nestas oracións. Faino no teu caderno.


- Algúns xéneros periodísticos son: a noticia, a reportaxe, a entrevista, a carta ao director
- O bebé saloucou durante un bo anaco e de súpeto adormeceu.
- No zoo da Madroa, en Vigo, había moitos animais: xirafas, chimpancés, leóns, tigres, serpes.
- Aquel home miraba e miraba para ela e vai e chíscalle un ollo.

4 Inventa un texto sobre unha excursión.


— Nel debes incluír exemplos dos dous usos dos puntos suspensivos que vimos.

Páxinas de Internet en galego


Velaquí algunhas páxinas de Internet en galego que che poden resultar moi interesantes.



Páxina de xogos
www.edu.xunta.es/xogos



Páxina dedicada ao cómic galego
www.culturagalega.org/bd



Rato Paco: páxina de actividades e xogos
http://centros.edu.xunta.es/ceipdepalmeira/rato_rato.htm



Biblioteca de literatura infantil e xuvenil
<http://www.filix.org/home.html>


Entra nestas páxinas e describe que información podes obter nalgunhas, e que xogos e actividades podes levar a cabo nas outras.

Para acabar

1 Le con atención este texto.

Diante do cabo de San Cibrao, no concello de Cervo, hai uns illotes chamados «Os Farallóns». Dise que alí vive unha serea chamada «A Maruxaina». Nos días de mal tempo, a Maruxaina sae dos illotes e chama polos mariñeiros. Hai quen cre que sae para axudar os mariñeiros en caso de perigo, pero tamén hai quen di que a súa intención é engaiolalos para que naufraguen.

Esta vila de San Cibrao recuperou hai algúns anos unha vella tradición. Confeccionan unha serea de longos cabelos louros cunha rocha. O segundo sábado do mes de agosto, pola noite, lévase esta serea desde Os Farallóns ata a praia de San Cibrao. Alí é sometida a un xuízo popular, no que queda absolta. Ao rematar, volve ás illas, nas que permanece o resto do ano.



2 ¿Que tipo de texto é o anterior?

3 Localiza e sinala as partes do texto anterior.

4 Responde estas preguntas sobre o texto anterior.

- ¿Quen son os personaxes?
- ¿Que nos conta o texto?
- ¿Que elementos son reais? ¿Cales son fantásticos ou imaxinarios?

5 Inventa un título para o texto anterior.

6 Escribe o nome dos elementos da cidade correspondentes a cada definición.

- Marxe dunha rúa, xeralmente elevada respecto da superficie desta, destinada á circulación de peóns:
- Aparato instalado nun punto elevado e ben visible que permite ordenar o tránsito de rúas e estradas por medio de sinais luminosos:
- Construción destinada a vivenda ou a outros usos:

7 Localiza os dous neoloxismos das respostas do exercicio anterior.

8 Subliña de azul o verbo copulativo e de vermello o atributo destas oracións.

- A Maruxaina é unha serea.
- Os Farallóns son uns illotes.
- O canto da Maruxaina é engaiolante.
- Cervo é un concello de Lugo.


1 Le este texto e responde as cuestións seguintes.

Cando chegou da escola tirou do peto o seu ordenador e comezou a redacción sobre a visita á reserva forestal que viñan de facer no interior do país. A profesora indicara que debían reparar na vida animal asociada ás especies arbóreas que alí permanecían producindo materia prima para as fábricas de pasta de papel tan frecuentes por toda Galicia.

Comezou a describir o que lembraba daquela experiencia: o recendo mentolado da atmosfera, a luz que descendía por entre as pólas, o rechouchío dos paxaros... e aquel famoso cuadrúpede de pel de veludo que chimpaba dunha árbore a outra e que se detiña aos poucos, ollando para a rapazada desde unha distancia prudencial.



¿Como se chamaba aquel bichiño? Púxolle un correo á bisavoa, que vivía nunha residencia para meigas-anciás, e preguntoulle se sabía o nome daquel animal que vivía nas árbores. «Con toda seguridade viches un esquí», foi a resposta. Á nena non lle soaba esa palabra. «Es-quí-o —teimou a vella—, de cor marrón, cunha cola moi longa, a cabeza pequena, os ollos achinados e que se alimenta das landras dos carballos», rematou. A rapaza ficou abraiada. «Cada día está peor», pensou. Consultou na enciclopedia da fauna galega que viña no ordenador e respirou con alivio. «Velaquí o está, igualiño que o das árbores, e chámase koala: ko-a-la». Por fin puido poñerse coa redacción. Se cadra, outro día tentaría saber de que diaño lle falara esta vez a súa bisavoa.



María Xosé Porteiro, *Galicia 2002*

• ¿Que tipo de texto é?

Conto

Anuncio publicitario

Anuncio propagandístico

Lenda

- ¿Cales son os personaxes?
- ¿En que lugar ocorre?
- Sucede nun tempo futuro, ¿cales son os datos do texto que nolo indican?
- Identifica as partes da súa estrutura: introdución, nó e desenlace.

2 Consulta información sobre o koala nesta páxina de internet <http://gl.wikipedia.org/wiki/Koala> e anota:

- ¿Que tipo de animal é?
- ¿Onde vive?
- ¿De que se alimenta?
- Se temos en conta cal é o seu alimento, ¿cres que algún día podería vivir en Galicia? ¿Por que?

3 Tendo en conta a alimentación do koala e a do esquí, ¿por que cres que aquí se extinguiría o esquí?

4 Inventa un título para o texto anterior.

- 5 Clasifica estas palabras segundo sexan préstamos ou neoloxismos.

ordenador - enciclopedia - correo - koala

- 6 Indica a diferenza entre texto, parágrafo e oración.

- ¿Cantos parágrafos hai no texto anterior?
- Copia unha oración do último parágrafo.

- 7 Copia estas oracións no teu caderno e subliña o suxeito e o predicado.

- A nena tirou do peto o seu ordenador.
 - A nena comezou a redacción sobre a visita á reserva forestal.
 - Aquel famoso cuadrúpede de pel de veludo chimpaba dunha árbore á outra.
 - Ela púxolle un correo á bisavoa.
 - A bisavoa está peor.
- Agora, indica o núcleo do suxeito e di se é un substantivo ou un pronome.
 - Sinala se o predicado é nominal ou verbal.

- 8 Indica:

- Cantos puntos seguidos hai no texto anterior.
- Cantos puntos e á parte hai.

- 9 ¿Hai tritongo na palabra do texto *abraiada*? ¿Por que?

- 10 ¿Por que non se acentúa a palabra *atmosfera*?

- 11 Copia a oración do texto na que se usan puntos suspensivos.

- Indica que regra de uso dos puntos suspensivos se segue nese caso.

- 12 Formade grupos e inventade un anuncio propagadístico para fomentar o coidado e a conservación da nosa flora (carballos, castiñeiros...) e a nosa fauna (esquíos...). Recorda que:

- O slogan debe ser atraente e impactante.
- A imaxe debe ser atractiva.

- 13 Inventa unha lenda que explique a volta dos esquíos a Galicia.

- Non esquezas mesturar elementos reais e imaxinarios.


Sabías que...

- A idea das «webquests» foi desenvolvida en 1995, na Universidade Estatal de San Diego, en Estados Unidos. Desde entón, converteuse nunha das técnicas principais de uso e de integración de Internet na escola.
- A idea básica da estrutura das webquests ocorréuselle a Bernie Dodge, case por casualidade, ao ver o resultado das actividades que realizaron os seus estudantes de Maxisterio da San Diego State University ao buscar, recompilar e reelaborar información sobre unha aplicación informática para a que Dodge non dispoñía de orzamento.



Xogos

e curiosidades



¡Non te equivokes!

1 Velaquí unhas frases feitas que son incorrectas en galego. Asóciaas coas correspondentes correctas.

Incorrectas

De puntillas

De boquilla

¡Menuda a fixeches!

Cara de poucos amigos

Correctas

Coa lingua pequena

Con pés de la


Cara de ferreiro

¡Fíxéchela boa!


Encrucillado

2 Completa as oracións coa forma verbal correcta dos verbos entre parénteses e poderás resolver o encrucillado.

1. Cando iamos de excursión, cancións moi divertidas (cantar).
2. O próximo curso teremos contedores de papel e así máis (reciclar).
3. Cada día asómome á fiestra e o tempo que vai (mirar).
4. Se queres, nós ao voleibol (xogar).
5. Se todas as persoas do mundo se máis, as guerras non existirían (querer).
6. Se tes medo, un berro (botar).
7. Nenos, este ano tamén lles unha carta aos amigos de intercambio? (escribir).
8. Cando estás de vacacións, máis horas que o resto do ano (camiñar).



¿QUEN É QUEN?




3 Atopa quen é quen e completa o cadro.

NOME	IDADE	MATERIA PREFERIDA	XENTILICIO
.....			
.....			
.....			
.....			


- Paulo ten cinco anos máis que a persoa ferrolá.
- A Xulia gústalle o Coñecemento do Medio e non é ourensá.
- Á persoa que ten 6 anos gústalle a plástica; é vigués.
- A persoa que é ferrolá ten 2 anos máis que Pedro.
- Ao neno ourensán gústanlle as matemáticas.
- Pedro ten 10 anos, catro máis que Alba.
- O lugués ten 17 anos e gústalle a educación física.

pirámides de palabras

4 Le estas definicións e completa estas pirámides coas palabras adecuadas.



1. Unha consoante.
2. Útil para meter e sacar o pan do forno.
3. Que é divisible por dous.
4. Preposición.
5. Impedir que continúe un movemento.



1. Unha vogal.
2. Pronome átono de primeira persoa.
3. Letra do abecedario.
4. Ten medo.
5. Non di a verdade.